



En Bloque, podemos !

A realidade social e económica da Galiza é, á día de hoxe, de emerxencia nacional.

Non fai falla ter non se sabe cantos títulos de economista para se dar de conta da situación de precariedade dos nosos setores produtivos. A pesca, o naval, a gandeiría, o agro, o turismo, etc. sofren os ataques continuos das políticas que veñen de Bruxelas coa complicidade dos gobernos galego e español agora en mans do PP e antes dirixidos polo PSOE.

Galiza ten, ademais, un gravísimo problema demográfico e a mocidade marcha da Terra como nos anos 60. O país despobóase e a Xunta de Núñez Feijoo só pensa en ensinar inglés e alemán nas escolas para emigraren aínda máis.

Ataques seguidos ao galego, recortes en todos os servizos sociais, manipulación dos medios de comunicación públicos, ausencia de política económica, entreguismo ás medidas impostas por Europa e por Madrid e máis unha longa listaxe de promesas incumpridas son o triste balance que nos deixa, após unha legislatura, o PP de Feijoo. Témosto que dicir con palabras precisas: Núñez Feijoo presidiu o peor goberno galego da historia.

E agora, como triste final do seu mandato,

adianta ás eleccións para o 21 de outubro sen ter en conta os intereses de Galiza: viaxou a Madrid para recibir instrucións de Rajoi e marcou a data atendendo única e exclusivamente aos intereses do Partido Popular.

21 de outubro, unha data histórica para a nación

O BNG está listo para asumir os retos que temos por diante. Coñecemos mellor ca ningún cales son as fortalezas do noso país e contamos coas persoas mellor preparadas para aproveitalas; sabemos cal son as solucións que precisan os galegos e as galegas e xa temos escollido a Paco Jorquera para aplicalas como presidente da Xunta.

Xa sabemos a onde nos conduce o modelo imposto por Bruxelas e Madrid, así que non é o momento de medias tintas: agora toca dicirle non a Merkel, a Rajoi, a Feijoo e a todas esas políticas impostas que están conducindo o noso país á ruína.

Só o BNG está preparado para facer este traballo e o 21 de outubro as galegas e os galegos temos a oportunidade de salvarnos nós mesmos.

EN BLOQUE PODEMOS!!!!

A alternativa para Galiza

Francisco Jorquera, candidato do BNG á Presidencia da Xunta de Galiza

E O 21 de outubro, os galegos e galegas están chamados ás urnas. Curiosamente, foron os señores Patxi López e Mariano Rajoy os que decidiron esta data. Feijoo, despois de defender en reiteradas ocasións que esgotaría a lexislatura, acabou asumindo as instrucións que o manteñen no seu papel de fiel delegado de Madrid en Galiza. Hai escasamente unha semana o PP habilitaba o mes de agosto para a comisión de investigación sobre as caixas galegas e repetía a súa intención de reducir o Parlamento galego antes dos comicios. Bastou que Rajoy calibrara o que significaría unha perda de votos en Euskadi e as duras consecuencias dun eventual rescate para que Feijoo desdicira as súas palabras en cuestión de horas. A decisión deste adiamento político, que non técnico, só busca despexar o panorama electoral para que o PP a nivel de Estado poda seguir desmantelando o Estado de benestar.

Mais aínda nestas circunstancias, eu celebro esta decisión, porque a lexislatura que remata deixa un balance nefasto para os galegos e galegas. Feijoo fracasou en todos os planos da súa xestión converténdose no peor presidente da nosa recente historia democrática. O desemprego aumentou por riba da media estatal levando a Galiza a unha situación límite. Non hai un só sector económico deste país que resista as políticas de recortes das que se gaba a dereita. A sanidade, a educación pública e os servizos sociais sufriron un deterioro interesado e planificado na busca de novos nichos de beneficio para o capital privado.



O cambio que necesita Galiza só é posíbel defendendo outras políticas. Políticas que planten cara aos recortes que impón Madrid para sanear a banca privada. O empobrecemento que padece a maioría da sociedade demanda alternativas a estas políticas fracasadas.

Nós, os e as nacionalistas galegos, queremos facerlle fronte á recentralización, á perda de liberdades e dereitos da cidadanía. Queremos defender o dereito a producir e vivir dignamente en Galiza que outros ignoran.

Sabemos das dificultades da xente, o BNG leva moito tempo traballando na rúa coa Galiza que se move e que non quere resignarse. Estamos preparados para asumir o reto de transformar tanto descontento nunha alternativa co centro nos intereses de Galiza e das maiorías sociais.

En defensa do comercio tradicional



Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo
15703 Santiago de Compostela Galiza
Tfne. 981555850 Fax 981555851
sedenacional@bng-galiza.org

O BNG lanza unha
campaña en defensa do
comercio tradicional.

Adxuntamos a carta do
Portavoz Nacional que se
lle está a enviar ás e aos
comerciantes

Prezada/prezado Sra./Sr.:

A actividade comercial desenvólvese en Galiza de xeito maioritario a través do comercio tradicional, a través de pequenas empresas e emprendedores que exerceron e exercen un papel social e económico transcendental. É importante resaltar, nun contexto de aguda crise como a actual, a súa contribución á creación de emprego estábel e ao seu positivo impacto na economía local, unha función na que destaca fronte aos formatos das grandes superficies comerciais. Así mesmo, tamén polo seu papel na vertebración das tramas urbanas tradicionais, pois en moitos casos o dinamismo e vitalidade dos centros das nosas vilas e cidades é posíbel grazas ao mantemento da actividade do comercio tradicional.

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO considera ao comercio tradicional un sector básico da economía en Galiza, que nestes momentos precisa dun apoio público decidido para garantir a súa viabilidade no futuro. A crise está a afectarlle dun xeito especialmente virulento, chegando incluso a acelerarse o peche de establecementos e a destrución de emprego ao longo do último ano. Porén, as políticas decididas recentemente polo Goberno central, que preside Mariano Rajoy, van na liña oposta a ese respaldo que o comercio tradicional merece, ao impulsar a liberalización comercial, tanto na apertura de establecementos como nos horarios comerciais, favorecendo así os intereses das grandes distribuidoras e superficies comerciais.

A pesar de que Galiza conta con competencias exclusivas na materia, o Goberno Galego que dirixe Núñez Feijoo está amosando unha actitude cómplice con esas decisións que agudizan aínda máis a crise do comercio tradicional en Galiza.

Quero transmitirche que desde o BNG temos a fonda convicción de que neste momentos se precisa unha defensa do comercio tradicional, non só polo feito de ser unha competencia atribuída a Galiza que debería exercela consonte os intereses dese sector que é maioritario no conxunto da nosa actividade comercial, senón para garantir un maior equilibrio na distribución comercial.

Por iso, no ámbito institucional estamos a defender que desde o Parlamento Galego se interpoña de xeito urxente un recurso de inconstitucionalidade contra os Reais Decretos-Leis que veñen de avanzar na liberalización comercial, co fin de evitar o inminente agravamento da situación da actividade do comercio tradicional en Galiza. Do mesmo xeito, cremos conveniente adoptar, co consenso de dito sector, un plan sectorial de equipamentos comerciais que asegure a pervivencia do pequeno e mediano comercio tradicional en todo o país, pondo freo á implantación de grandes superficies comerciais que ameazan esa supervivencia.

Desde o BNG cremos que a política comercial debe transitar polo camiño contrario ao trazado polo Goberno central e secundado pola Xunta de Galiza, apostando por implementar medidas destinadas a robustecer o comercio tradicional e de proximidade, por fixar horarios que faciliten a conciliación familiar e laboral e por regular condicións de exercicio da actividade comercial que garantan un equilibrio na oferta comercial.

Agardamos que poidamos partillar destes intereses comúns, estando á súa disposición para colaborar en cantas accións en defensa do comercio tradicional se desenvolvan en Galiza.

Atentamente,

Guillermo Vázquez Vázquez
Portavoz Nacional do BNG

A Xunta xa aprobara en 2007 a EDAR en Pampaído

O BNG e o Concello de Poio opóñense á ubicación da depuradora en Samieira ou Raxó

Que a data de hoxe as parroquias de Raxó e Samieira non teñan depuración das súas augas residuais é responsabilidade única e exclusiva da Xunta de Galiza, que é a administración competente.

Lembremos que Raxó e Samieira son as dúas únicas parroquias que non depuran os seus residuos, xa que as restantes depuran as súas augas residuais na EDAR dos Praceres, en Pontevedra.

Pampaio, a mellor ubicación posíbel segundo os propios estudos realizados pola Xunta

Hai seis anos, a Xunta de Galiza estudou até seis posíbeis ubicacións para unha nova EDAR entre os concellos de Sanxenxo e Poio, que darían servizo aos veciños e veciñas de Samieira, Raxó, Bordóns e Dorrón, decantándose por Pampaio, na parroquia de Dorrón como a mellor e máis racional das opcións.

En 2007 asínase o anteproxecto elaborado pola Xunta de Galiza, da EDAR de Pampaio e comezaron a realizarse as canalizacións das augas residuais de Samieira e Raxó cara Sanxenxo.

A Xunta, que non fixo nada en todos estes anos, muda de opinión e anuncia a depuradora en Samieira

Sen coñecermos cales foron as causa reais que motivaron o cambio de posición da Xunta de Galiza, o certo é que o emprazamento proposto é un completo disparate tanto desde o punto de



vista medioambiental como desde o punto de vista social e económico.

É evidente que dadas as características do terreo (densidade de poboación, inclinación do terreo, asentamento costeiro) non hai nin en Raxó nin en Samieira un terreo axeitado para a instalación dunha depuradora.

Outras opcións como levar as augas residuais destas dúas parroquias á EDAR dos Praceres (como se fai con Combarro, San Xoán e San Salvador) ou bombear a unha das depuradoras xa existentes en Sanxenxo, serían inviábeis. A primeira, porque a depuradora dos Praceres xa está saturada e a segunda porque os bombeos teñen un elevadísimo custe de mantemento que o farían inasumíbel nestes momentos, e que obrigaría a repercutir os seus custes na taxa de saneamento que pagan todos os veciños e veciñas.

**ANTEPROXECTO E.D.A.R. DE RAXÓ
CONCELLOS DE SANXENXO E POIO (PONTEVEDRA)**

Clave: O.H.- 336.576

Novembro 2007

Pampaído está fóra dos 20 metros de protección da liña costeira

Respecto á Lei de Costas, hai que deixar claro que os terreos en Pampaído están fóra dos 20 m. da protección da liña costeira, en calquera caso, de existir algún obstáculo da Lei de Costas para construír en Pampaído sería facilmente salvábel.

A depuradora en Samieira tería un sobrecoste de dous millóns de euros

O BNG de Poio descoñece cales son os criterios ou os motivos do actual goberno da Xunta de Galicia para decidir cambiar a ubicación da EDAR de Pampaído para Samieira. Alúdese a cuestións económicas, pero a depuradora no Laño sería máis custosa que a proxectada en Pampaído, xa que tería un sobrecoste de 2 millóns de euros ao ter que reverter a proxección das canalizacións.

	Poio inverno	Poio verán	Sanxenxo inverno	Sanxenxo verán
Poboación 2007	2215	4545	3275	6570
Poboación prevista	3250	6660	7500	15000

Datos da poboación que trataría a EDAR de Pampaído, extraídos do anteproxecto da Xunta de 2007

Polo tanto descartamos que sexa a cuestión económica, e agardamos que non sexan motivos especulativos ou de calquera outra índole o que levou á Xunta a cambiar a ubicación. No anteproxecto de 2007 prevíase unha poboación actual en Poio de 2.215 (inverno) e 4.545 (verán) e Sanxenxo de 3.275 (inverno) e 6.570 (verán), mentres que a estimación de poboación para o futuro prevé un aumento en Poio de 3.250 (inverno) e 6.660 (verán), e Sanxenxo: 7.500 (inverno) e 15.000 (verán).

Unha competencia exclusiva da Xunta

Salientar, ademais, que a elección, compra ou expropiación dos terreos, os estudos ambientais, a contratación, adxudicación e explotación da depuradora son competencia exclusiva da Xunta de Galiza. O Concello de Poio, aínda que quixera, non pode facerlle o traballo nin tomar decisións que competen unicamente ao goberno galego.

O BNG insta á Xunta a que execute xa a depuradora en Pampaído

En 2015 todas as poboacións deben ter depurado as súas augas residuais. Compre, polo tanto, que a Xunta se poña mans á obra. E xa existe un anteproxecto de 2007, aprobado e asinado para a construción da depuradora en Pampaído. E iso é o que vén esixindo tanto o BNG como o goberno municipal de Poio desde hai seis anos.

O BNG, en coerenza co que defendeu sempre, participará en todos os actos que se convoquen para amosar o rexeitamento social á ubicación da EDAR en Samieira ou Raxó, así como para esixir da Xunta a construción e posta en marcha da depuradora en Pampaído.

Portas

■ O alcalde de Portas, condenado !

O alcalde de Portas foi condenado o pasado 23 de agosto pola maxistrada do xulgado número 3 de Pontevedra por fraude fiscal e falsidade documental. Roberto Vázquez confesou e aceptou pagar 315.000 euros como condena por defraudar a Facenda e falsear documentos con tal fin.

A Axencia Tributaria doulle un prazo de dous anos para pagar as multas, as contías fixadas como responsabilidade civil e as que substitúen as penas de prisión que, en total, suman 315.072,57 €.

Polo delito continuado de falsidade documental a condena acordada supón tres meses de prisión, tres meses de inhabilitación para exercer o cargo de administrador de sociedades e multa de seis euros día durante tres meses.

Polo delito contra a Facenda Pública a pena acordada supón seis meses de prisión, seis meses de inhabilitación como administrador de sociedades, unha multa de 98.443,90 € e privación para obter subvencións e desgravacións fiscais durante dezaoito meses.

Ademais terá que pagar o que defraudou, 151.362,15 € en concepto de responsabilidade civil, máis 52.353,32 € de intereses, así como as costas do xuízo 9.133,20 €.



As penas de nove meses de prisión foron substituídas finalmente por unha multa de 3.780 €.

O acordo ao que chegaron a Fiscalía e os avogados de Roberto Vázquez permitiulle reducir a petición inicial de 4 anos de cárcere por unha simple multa de 3.780 €.

O BNG de Portas solicitou o venres 24 de agosto a convocatoria dun pleno extraordinario para reprobación ao alcalde.

XIII Feira Franca

Fogos populares

Xoguel co tempo, rompín as ás, baixei, subín, saltei á corda, tirei da sogá, caín, erguínme, agacheime, tremín, brinquei coas pedras... xoguel...
 Trasnos do tempo viñeron buscarme, suxeitáronme enriba dos zancos... apostei a derradeira carta da baralla, merquei bolboretas, vendín feitizos...
 Pousei a man no chan, sentín a calor da festa... descubrín a cidade. Hai feira, Feira Franca...
 Mireina aos ollos convideina a xogar... son case ela, e agora convidote a ti... trae cordas, aros, zancos, bonecas, cores... ven; hai Feira Franca na vila ilustre de Pontevedra, hai feira, hai risas, hai lelicia, hai amigos, hai nenos e nenas, ti es un...
 vente, pousa a man no chan e déixate acariñar pola calor do tempo.
 Habará mercadores, historias, combates, habará músicas, soños, convites, habará xogos...
 Este setembro convidamos o neno que vive en ti, vente... hai Feira Franca na vila de Pontevedra o 31 de agosto e 1 de setembro.
 Trae sorrisos sinceros, ansias de aprender, tenuras primeiras, trae a luz de inocencia nos ollos, as mans cálidas, abrazos constantes, risos de pícaro, fábulas, soños, trae monstros e cabaleiros, trae crenzas, convida a maxia, has volver bicar coma a primeira vez... vente...
 Esperámoste nas prazas, en cada recuncho da viaxe colectiva a tempos mellores... onde se venden coitas, onde se merca o pan, onde se atopa o liño, onde se espera o sol... has coller azos, forzas, sorrisos, alegrías, ha ser bo...
 Vente, hai Feira Franca.
 Eu xoguel... fun feliz...

www.feirafranca.info



programa 2012

Venres 31. Xornada inaugural

- 19.00 h. **Pregoeiros a cabalo** anuncian polo centro histórico o comezo da XIII edición da Feira Franca.
- 19.30 h. **Obradoiro** de bailes medievais a cargo da *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, no Teucro.
- 22.00 h. **Espectáculo** "Un Xogo un Sono" a cargo das compañías *Kull D'Sak e Troula*, na praza da Ferraría.
- 22.45 h. **Música e bailes medievais**, *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, na praza do Teucro.

Sábado 1. Día da Feira Franca

- 11.30 h. **Apertura do mercado medieval** (avda. de Santa María) e **da mostra de oficios** (na Ferraría).
- 11.30 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**, a cargo da *Asoc. Cultural Pola Vila* polas rúas do centro histórico.
- 12.00 h. **Recreación do transporte do viño** pola *Asoc. Recreativa de Xeve, Art Monium*, animación, música, representacións... Percorrido: rúas de Santa Clara, Sarmiento, Pasantaría, praza da Ferraría e remate na praza da Peregrina.
- 12.30 h. **Demostración e obradoiros de esgrima**, *Escola Hungarésa*, Montero Ríos.
- 12.30 h. **Exhibición e obradoiro de iniciación á esgrima antiga**, *Mercenarios do Norte*, na Verdura.
- 13.00 h. **Tiro con arco**. *Boa Vila*, Montero Ríos.
- 13.30 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.

- 17.00 h. **Exhibición de danza**, *Club Treboada*, Montero Ríos.
- 17.00 h. **Demostración e obradoiros de esgrima**, *Escola Hungarésa*, Montero Ríos.
- 17.00 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.
- 17.30 h. **Praza de Touros. Torneo medieval. Legend Especialistas**. Entrada de balde ata completar aforo.
- 17.30 h. **Exhibición e obradoiro de iniciación á esgrima antiga**, *Mercenarios do Norte*, na Ferraría.
- 18.00 h. **Pasarrúas "O Cego do Camiño"** a cargo de *Maese Seis Dedos* polas rúas do centro histórico.
- 18.00 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**, *Asoc. Cultural Pola Vila*. Centro histórico.
- 16.30 h. **Competición - exhibición de tiro con arco**, *Clube Boa Vila*, na avda. de Montero Ríos.
- 19.00 h. **Pasarrúas de Bufóns e trovadores**. Centro histórico.
- 19.00 h. **Exhibición de danza** a cargo do *Club Treboada*, Montero Ríos.
- 19.30 h. **Pasarrúas**. *Art Monium*. Centro histórico.
- 20.00 h. **Praza de Touros. Torneo medieval. Legend Especialistas**. Entrada de balde ata completar aforo.
- 20.30 h. **Pasarrúas "O Cego do Camiño"** a cargo de *Maese Seis Dedos* polas rúas do centro histórico.
- 21.00 h. **Pasarrúas musical**. *Art Monium*.
- 21.00 h. **Cantar de cego e música medieval** a cargo de *Foula* polas rúas do centro histórico.
- 21.45 h. **Pasarrúas dos Errantes**. Centro histórico.
- 23.00 h. **Pasarrúas e fin de festa**. *Art Monium*. Centro histórico.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
 concello de festas



novagalicia
 banco

Plano guía sobre actividades e espazos das asociacións

Plano medieval de Pontevedra · Espazos da Feira Franca

Ambientación a cargo da Escola Paspallás

1. Praza da Ferraría
2. Praza da Leña
3. Praza do Teucro [azougue]
4. Praza de Curros Enríquez [antigo hospital de san Xoán de Deus]
5. Praza da Pedreira
6. Praza da Verdura [feira]
7. Praza de Méndez Núñez [campo da herba]
8. Teatro Principal [antiga igrexa de san Bartolomeu]
9. Igrexa de Santa María
10. Paseo de Santa María [lampián dos xudeos]
11. Ponte do Burgo
12. Avda. de Santa María [cirado das torres]
13. Xardíns de Casto Sampedro
14. Avda. de Montero Ríos
15. Praza de Touros
16. As Palmeiras

Fogos populares

PRAZA DE ESPAÑA

- 11.30 | 19.00. Taller de escribán (contos, batallas...)
- 12.00 | 17.00. Campamento medieval
- 12.15 | 16.45. Taller de bonequiños
- 14.30 | 19.00. Taller de colorear (escudos dos Andrade e Soutomaior)
- 11.00 | 16.00. Catapulta
- 11.30 | 17.00. Lectura de man e taller de apócemas
- 11.30 | 16.00. Xogos de mesa, carreira de sacos, loita con espada e confección de cota de malla
- 12.30 | 16.00. Xogos populares galegos: aros, birlos celtas, birlos do Courel, chave de Santiago, ra, sacos, petanca...
- 11.30 | 16.00. Dragón e Carrusel
- 16.30 a 19.00. Escola de Saltimbanquis

PRAZA DA PEDREIRA

- 11.30 a 20.30. Circuito de xogos para nenos e nenas, pais e nais "o teu co teu fillo/filla"



Guía de actividades fixas

Asoc. Recreativa Xeve. Representación da comitiva do transporte do viño (mercadores, labregos e arrieiros). O grupo irá escoltado polos gardas do antigo couto de Xeve, encabezados polo señor do pazo de Gondar.

Asoc. de Coros e Danzas Duos Pontes. Taberna medieval (parte posterior Concello). Venres, espectáculo (Teucro).

Clube Boa Vila de Tiro con Arco. Demostración de tiro con arco e competición. Avda. de Montero Ríos.

Asoc. socioc. de Meiro-Corvo (Bueu). Recreación dun alpendre de aldea e alboiro. Obradoiros. Ferraría.

Asoc. socioc. Cedofeita. Sopotais do edificio do Museo, rúa Sarmiento. Obradoiro de confección de papel vexetal.

A.VV. Salcedo Norte. Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais. Xardíns de Casto Sampedro.

A.VV. San Bieito de Lérez. Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais. Palmeiras.

Asociación Alba (asoc. de familiares e amigos de axuda a enfermos psíquicos). Obradoiro de olaría. Ferraría.

Ventos. Obradoiro de caligrafía e xoiaría vexetal. Ferraría.

Mercado medieval de ALIMENTACIÓN. Alameda, sopotais da Ferraría e praza de Curros Enríquez.

Mercado medieval de ARTESANÍA. Santa María.

OFICIOS. Ferraría. Toneleiro, talleiro, oleiro, redeira, tallista, tecedeira, palileiras, zoqueira, cesteiro, curtidor, coroeira...



Compra no teu Concello

**Consume no comercio local,
nos nosos bares e
restaurantes.**

**Mercando produtos
do país en BLOQUE,
PODEMOS saír da crise !**

